

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **22 de setembro de 2022**
Ás 17.00 horas do día 22 de setembro de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE XULLO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de xullo de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 21 de xullo de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión** responde a dúas preguntas que quedaron pendentes da sesión do mes de xullo no relativo á presentación da APP VOUcontigo. Indica que xa está dispoñible na App Store e en período de proba e que nos próximos días se fará unha presentación oficial.

En canto aos estudos que se estaban a realizar pola Área de Benestar sobre os criterios de reparto de subvencións do BenOurense, indica que non se chegou a ningunha conclusión firme e que en todo caso están dispostos a propostas que poidan formular os grupos da Corporación.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta se xa podería entón realizar as súas propostas.

A **presidenta da comisión** contesta que si e que ao longo do mes de outubro se procederá a redactar as bases reguladoras.

D. Bernardo Varela López, do BNG, pide que se lle faciliten os datos das solicitudes e beneficiarios da subvención do programa Chegou durante o ano 2022.

A **presidenta da comisión** indica que se lle facilitarán por escrito.

E, ás 17.05 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

